

Teléfonos:
981 844 800
981 849 960
Fax. 981 844 008



Praza de Galicia, s/n
15930 BOIRO (A Coruña)
correo e: correo@boiro.org
página web: www.boiro.org

N.º R. E. L. 01150119

CONCELLO DE BOIRO

BANDO

FERNANDO MANUEL GARCÍA DIÉGUEZ, alcalde en funcións do Concello de Boiro

FAI SABER:

Que os veciños interesados en realizar as tradicionais fogueiras de San Xoán e outras que se celebran no mes de xuño (**a noite do 23 e a noite do 28 de xuño**), deben presentar unha comunicación no rexistro municipal, segundo o modelo que se facilita no Concello ou na páxina web, tendo de **prazo ata o martes 21 de xuño inclusive.**

No momento da realización da fogueira deberá portarse esta comunicación xa que pode ser requirida pola Policía Local ou persoal Autorizado do Concello.

O desenvolvemento destas fogueiras deberá axustarse ás normas que se indican na comunicación e ás ordenanzas municipais.

Boiro, 3 de xuño de 2016

O alcalde en funcións

Fernando Manuel García Diéguez

COMUNICACIÓN PARA A REALIZACIÓN DAS FOGUEIRAS DE SAN XOAN 2016 (a noite do 23 de xuño ou a noite do 28 de xuño do 2016)

Aviso: Esta comunicación debe presentarse xunto co DNI do responsable para a súa comprobación

A persoa que asina e comunica a realización da fogueira será sempre o **responsable dos danos e prexuízos que esta ocasione**

RESPONSABLE DA FOGUEIRA	
DNI/CIF	NOME E APELIDOS
ENDERECO	
PARROQUIA	MUNICIPIO
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO

COMUNICA:

A realización dunha fogueira na noite do de xuño que se realizará en:

DATOS DA FOGUEIRA	
Lugar exacto da fogueira: (rúa, lugar, parroquia, referencias)	

E comprométese a cumplir as seguintes normas:

- 1º) As persoas, organización ou comunidade que desexen realizar unha fogueira deberán comunicalo por escrito no rexistro municipal, tendo de **prazo ata o martes 21 de xuño inclusive** (peche do rexistro ás 13:30 horas), indicando o lugar elixido, nome, endereço, teléfono e Nº de DNI do responsable da organización ou comunidade que deberá coidar os arredores e coñecer o número de teléfono da **Policía Local de Boiro (981 84 84 84)** e de **Protección Civil (610 55 83 83)**.
 - 2º) **Non se poderá depositar ningún material mentres non se presente a solicitude**
 - 3º) O representante será o responsable do cumprimento das presentes Normas.
 - 4º) Queda expresamente **prohibido** facer as fogueiras **nas praias**.
 - 5º) O volume de combustible da fogueira non sobrepasará os 8 metros de perímetro nin os 3 metros de altura.
 - 6º) A separación entre as fogueiras e os edificios e árbores serán como mínimo de 12 metros.
 - 7º) Porase especial coidado de non situálas baixo tendidos eléctricos ou telefónicos, así como de que nos arredores non exista ningún local no que se almacenen produtos inflamables.
 - 8º) **Prohibírase a queima de pneumáticos, plásticos, escumas de poliuretano, aceites, etc. e en xeral de calquera sustancia que ó arder desprenda fume tóxico.**
 - 9º) En ningún caso se botarán ó lume recipientes que conteñan líquidos inflamables ou gases a presión (sprays), aínda que estean baleiros.
 - 10º) No suposto de que a fogueira se faga sobre terreos de uso público enlousados, os organizadores encargaránse de protexer o pavimento cunha capa de area de, a lo menos, 10 cms.
 - 11º) **Está totalmente prohibida facer a fogueira no asfalto**
 - 12º) Ó finalizar a fogueira e antes de abandonar o lugar da mesma, os responsables da organización coidarán de que as cinzas queden totalmente apagadas e comprométense a retirar do lugar da celebración, todos os restos que queden nun **prazo máximo de 48 horas**.
- O cumprimento destas normas poderá ser verificado pola Policía Local ou persoal Autorizado do Concello quen neste caso dará contas das infraccións á Policía Local.
- Lémbrase que o número de teléfono da **Policía Local** é o **981 84 84 84** e o de **Protección Civil** do Concello é o **610 55 83 83**.

Asdo.:

Boiro de de 2016